

GUÍA EXPLICATIVA

I. CONTIDO DO KIT DE VOTO ACCESIBLE “ELECCIÓN A CORTES XERAIS”

O kit de voto accesible para as Eleccións a Cortes Xerais contén:

1. A presente guía explicativa en Braille.
2. Un sobre de votación normalizado, non rotulado en Braille, para as Eleccións ao Senado.
3. Un impreso con formato carpeta con impresión en braille (polas dúas caras), que contén dentro a papeleta electoral estándar correspondente ás Eleccións ao Senado.
4. Unha lista, en Braille, cos nomes dos/das candidatos/as ao Senado.
5. Un sobre grande cunha etiqueta en Braille e tinta que di “Eleccións ao Congreso dos Deputados”. Este sobre grande contén:
 - Un sobre pequeno (tamaño cuartilla) por cada candidatura que conorra ás Eleccións ao Congreso dos Deputados na correspondente circunscrición electoral. Cada un deses sobres pequenos ten pegada unha etiqueta na que consta, en Braille e tinta, o nome e as siglas da candidatura cuxa papeleta electoral (estándar, non en Braille) está dentro.
 - Un sobre de votación normalizado, non rotulado en Braille, para as Eleccións ao Congreso dos Deputados.

II. INSTRUCIÓN PARA EMITIR O VOTO.

A. Preparación do voto.

1. Unha vez lle foi entregado o kit de votación accesible pode vostede solicitar que os membros da Mesa electoral lle faciliten o acceso a un espazo, situado o máis preto posible da Mesa electoral, para que vostede poida manexar alí a documentación contida no kit de votación accesible con garantías de privacidade. Tamén pode levar o kit de votación accesible fóra do local electoral e regresar máis tarde a emitir o seu voto.

2. Para as Eleccións ao Senado, marque cun bolígrafo ou lapis a súa opción de voto nos cadros do impreso en Braille dentro do cal está a papeleta do Senado.

Nese impreso, cada candidatura está identificada cun número. Busque ese número na lista en Braille de candidaturas e así poderá saber a denominación da candidatura así como os nomes dos/das candidatos/as ao Senado correspondentes a esa candidatura. Unha vez seleccionados/as os/as candidatos/as aos/ás que desexe outorgar o seu voto, extraia a papeleta estándar do impreso e introdúzaa no sobre de votación correspondente ás “Eleccións ao Senado”.

3. No caso da elección ao Congreso dos Deputados, abra o sobre grande que indica en Braille “Eleccións ao Congreso dos Deputados”. Seleccione, de entre os sobres pequenos que hai dentro, o que lle indique en Braille que contén a papeleta correspondente á candidatura á que vostede desexa outorgar o seu voto, extraia esa papeleta e introdúzaa no sobre de votación correspondente ás “Eleccións ao Congreso dos Deputados”

B. Votación.

A continuación diríxase a votar á Mesa electoral onde deberá mostrar á presidencia da Mesa electoral un dos seguintes documentos para identificarse:

- O documento nacional de identidade (DNI). Non serve o resgardo do DNI en trámite, posto que nel non aparece fotografía do/da elector/a.
- O pasaporte (con fotografía).

Non importa que estes documentos estean caducados, pero deben ser os orixinais, non valen fotocopias.

C. Material sobrante.

Despois da votación, recoméndase ao/á elector/a que leve consigo o kit de votación accesible, xunto con todo o material sobrante, co fin de asegurar o segredo do voto emitido.